

## SUPOSTO Nº 1.

Helena é profesora de Instituto, o 15 de xuño de 2013 divorciouse. Ten 2 fillos: Lois nacido o 4 de xaneiro de 2007 e Katuxa nacida o 15 de marzo de 2012. Na sentenza de separación consta que a garda e custodia dos fillos e para a nai. Con ela vive a súa nai que ten 72 anos.

A nai de Helena cobra unha pensión de xubilación de Suiza por importe de 4.000 euros. Cobra unha pensión de invalidez absoluta do INSS por importe de 9.000 euros.

Os fillos de Helena perciben 4.000 euros en concepto de anualidades por alimentos do seu pai.

Helena tivo os seguintes rendementos:

### 1.- Rendementos do traballo.-

Xunta de Galicia 42.100 euros, retención 9.262 euros, dereitos pasivos 1.500 euros, Muface 500 euros, sindicato 130. Tivo que pagar a un abogado 1.900 euros por unha reclamación xudicial a Xunta de Galicia por uns atrasos que lle debían.

### 2. Rendementos do capital mobiliario segundo o certificado de retencións.

3. Ten unha vivanda en Corcubión que utiliza para as vacacións. O valor catastral revisado é de 20.000 euros.

4. Ten unha vivanda habitual en Santiago de Compostela. O valor catastral é de 60.000 euros.

5. No ano 2013 tivo alugado un piso que posue en Santiago de Compostela o importe do alugueiro foi de 600 euros ao mes. Pagou 6.000 euros de xuros do préstamo para a compra e 3.000 euros de amortización. Tivo que pagar 400 euros de reparacións no cuarto de baño e de pintura do portal do edificio onde está ubicado o inmovble alugado. Mercou unha lavadora por importe de 1.000 euros. O piso foi mercado no ano 2002 con bens privativos por importe de 120.000 euros. O valor catastral é de 60.000 euros e o valor do solo é de 15.000 euros. Pagou 300 euros de xestión inmobiliaria, e 200 de seguro.

6. Helena paga un plan de pensións por importe de 1.000 euros.

7. Helena paga 5.000 euros de xuros e 4.000 de amortización do préstamo da vivanda habitual que fora mercado ao 50% co seu ex cónxuxe no ano 2004. Cando se divorciou na liquidación da sociedade de gananciais non repartiron a vivanda.

8. Vendeu unhas acción que cotizan en bolsa. A venda foi o 15 de agosto de 2013 por importe de 10.000 euros. Recibiunas por herencia do seu finado pai o día 13 de novembro de 2012. Foron valoradas no Imposto de Sucesións e Doazóns en 8.000 euros.

PÍDESE:

Calcular a opción de tributación

Comunicación das novas circunstancias persoais e familiares ao retenedor.

As obrigas fiscais de Dona Helena como arrendadora de un inmovible.

Confeccionar a declaración de IRPF máis favorable.